

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019426	IES Coruxo	Vigo	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Física e química	3º ESO	2	70

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

O currículo da materia de Física e Química persegue que o alumnado se atope en disposición de desenvolver o pensamento científico, para así enfrontarse aos posibles problemas da sociedade e gozar dun coñecemento máis profundo do mundo que o rodea.

Por esta razón, os obxectivos desta materia inciden en comprender os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna e en interpretalos en termos das leis e teorías científicas, expresar en forma de preguntas as observacións realizadas, formular hipóteses para explicalas e verificalas, manexar con soltura as regras e normas básicas da física e da química, utilizar de forma crítica e eficiente plataformas tecnolóxicas e recursos variados tanto para a produción individual coma en equipo, utilizar as estratexias propias do traballo colaborativo que permitan potenciar o crecemento entre iguais como base emprendedora dunha comunidade científica crítica, ética e eficiente e entender a ciencia como unha construción colectiva en continuo cambio e evolución.

Respecto da avaliación, os criterios están orientados, con carácter prioritario, no desempeño dos procesos cognitivos asociados ao pensamento científico competencial, para así ir máis alá dunha mera comprobación da memorización de conceptos.

A materia estrutúrase nos que tradicionalmente foron os grandes bloques de coñecemento da física e da química: a materia, a enerxía e o cambio. Ademais, este currículo propón a existencia dun bloque de contidos que fai referencia ás metodoloxías da ciencia e á súa importancia no desenvolvemento desta e que constitúe o eixe metodolóxico da materia, sendo necesario traballalo simultaneamente con cada un dos restantes.

Nese bloque, denominado «As destrezas científicas básicas», establécese, ademais, a relación das ciencias experimentais cunha das súas ferramentas máis potentes, as matemáticas, que ofrecen unha linguaxe de comunicación formal e que inclúen coñecementos, destrezas e actitudes previos do alumnado, xunto con outros que se adquiren ao longo desta etapa educativa. Así mesmo, tamén se incide no papel destacado da muller ao longo da historia da ciencia, como forma de poñelo en valor e de fomentar novas vocacións femininas cara ás ciencias experimentais e cara á tecnoloxía.

No bloque «A materia», englobábase coñecementos básicos sobre a constitución interna das substancias, o que inclúe a descrición da estrutura dos elementos e dos compostos químicos e as propiedades macroscópicas e microscópicas da materia.

No bloque «A enerxía», o alumnado profunda en coñecementos, destrezas e actitudes que adquiriu en 2º de ESO, como as fontes de enerxía e os seus usos prácticos ou os conceptos básicos acerca das formas de enerxía. Inclúense, ademais, saberes relacionados co desenvolvemento social e económico do mundo real e as súas implicacións ambientais.

Por último, o bloque denominado «O cambio» aborda as principais transformacións físicas e químicas dos sistemas materiais e naturais, así como os exemplos máis frecuentes na contorna do alumnado, describindo as súas aplicacións e contribucións á creación dun mundo mellor.

Os 4 bloques repártense en cinco unidades didácticas :1.- Destrezas científicas, 2.- Os cambios, 3.- O átomo, 4.- Natureza eléctrica da materia e 5.- A reacción química.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e relacionar os motivos polos que ocorren os principais fenómenos fisicoquímicos da contorna, explicándoos en termos das leis e teorías científicas adecuadas para resolver problemas co fin de aplicalas para mellorar a realidade próxima e a calidade da vida humana.	1		1-2-4		4			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Expresar as observacións realizadas polo alumnado en forma de preguntas, formulando hipóteses para explicalas e demostrando estas hipóteses a través da experimentación científica, a indagación e a procura de evidencias, para desenvolver os razoamentos propios do pensamento científico e mellorar as destrezas no uso das metodoloxías científicas.	1-3		1-2	1	4		1	3
OBX3 - Manexar con soltura as regras e as normas básicas da física e da química no referente á linguaxe da IUPAC, á linguaxe matemática, ao emprego de unidades de medida correctas, ao uso seguro do laboratorio e á interpretación e produción de datos e información en diferentes formatos e fontes, para recoñecer o carácter universal e transversal da linguaxe científica e a necesidade dunha comunicación fiable en investigación e ciencia entre diferentes países e culturas.			4-5	3	2	1		2-4
OBX4 - Utilizar de forma crítica, eficiente e segura plataformas dixitais e recursos variados, tanto para o traballo individual coma en equipo, para fomentar a creatividade, o desenvolvemento persoal e a aprendizaxe individual e social, mediante a consulta de información, a creación de materiais e a comunicación efectiva nas diferentes contornas de aprendizaxe.	2-3		4	1-2	3		3	4
OBX5 - Utilizar as estratexias propias do traballo colaborativo, potenciando o crecemento entre iguais como base emprendedora dunha comunidade científica crítica, ética e eficiente, para comprender a importancia da ciencia na mellora da sociedade, as aplicacións e repercusións dos avances científicos, a preservación da saúde e a conservación sostible do medio ambiente.	5	3	3-5	3	3	3	2	
OBX6 - Comprender e valorar a ciencia como unha construción colectiva en continuo cambio e evolución, na que non só participan as persoas dedicadas a ela, senón que tamén require dunha interacción co resto da sociedade, para obter resultados que repercutan no avance tecnolóxico, económico, ambiental e social.			2-5	4	1-4	4		1

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Destrezas científicas	Esta unidade didáctica tratarémola como secuencial aínda que os seus CA teñen carácter transversal, polo que deberán ser traballados ao longo de todo o curso. Aínda así, enténdese que merece un primeiro tratamento específico no que se incidirá en: O método científico. Elaboración e confirmación de hipóteses. A argumentación. O sistema internacional de unidades. O traballo experimental. Laboratorios e normas de seguridade. Contornos virtuais. Desenvolveranse unha experiencias sobre a medida e o alumnado presentará os resultados a modo de informe.	20	13	X		
2	A materia	Nesta unidade didáctica introdúcese a estrutura atómica. Estudarán os principais compostos químicos e utilizarán as regras de nomenclatura IUPAC para nomear substancias simples.  Utilizaranse diferentes modelos moleculares, algún deseñado polo alumnado, para representar as moléculas facilitando a decodificación.	23	16	X	X	
3	Os cambios. A reacción química	Nesta unidade introdúcese o estudo dos cambios que experimentan os sistemas materiais centrándose na reacción química. Preséntase unha interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas facendo fincapé na relación da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade. Estudarase a lei de conservación da masa e a lei das proporcións definidas e a súa importancia a efectos de validar o modelo atómico-molecular. Rematarase facendo unha análise dos factores que afectan ás reaccións químicas e a súa importancia na resolución de problemas actuais por parte da ciencia. Como actividade proporase a procura de información sobre temas tales como o tratamento de augas residuais, funcionamento dunha depuradora, tratamento de residuos . Así mesmo, levaranse a cabo no laboratorio reaccións que permitan verificar a lei de conservación da masa.	22	19			X
4	Natureza eléctrica da materia	Nesta unidade didáctica introdúcese a natureza eléctrica da materia, a electrización dos corpos e a carga eléctrica. Estúdase a corrente eléctrica e a	18	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Natureza eléctrica da materia	construcción de circuitos eléctricos. Así mesmo, traballárase con circuitos eléctricos en contornas virtuais, para obter a lei de Ohm e estudar a asociación de resistencias en serie e en paralelo.	18	12		X	
5	Enerxía eléctrica	Nesta unidade didáctica faise unha análise das vías de obtención de enerxía eléctrica e a conservación sostible do medio ambiente. Como actividade propórase a procura de información sobre o custo da enerxía sobre a que se levará a cabo un debate.	17	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Destrezas científicas	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Seleccionar, de acordo coa natureza das cuestións que se tratan, a mellor maneira de comprobar ou refutar as hipóteses formuladas, deseñando estratexias de indagación e procura de evidencias que permitan obter conclusións e respostas axustadas á natureza da pregunta formulada.	Ante unha hipótese formulada diseña unha estratexia de indagación adecuada para comprobala ou refutala. Asociado aos contidos C1.1 e C1.2 e os subcontidos C.1.3.2 e C.1.4.2.	PE	59
CA1.2 - Aplicar as leis e teorías científicas coñecidas ao formular cuestións e hipóteses sendo coherente co coñecemento científico existente e deseñando os procedementos experimentais ou dedutivos necesarios para resolvelas ou comprobalas.	Formula cuestións científicas e emite hipóteses coherentes co coñecemento científico existente, así como diseña unha estratexia de indagación. Asociado aos contidos C1.1. e C1.2.		
CA1.3 - Utilizar adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluído o uso de unidades de medida, así como as ferramentas matemáticas precisas, conseguindo unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	Utiliza adecuadamente as regras básicas da física e da química, incluíndo o uso de unidades e ferramentas matemáticas. Asociado ao contido C1.5.		
CA1.4 - Poñer en práctica as normas de uso dos espazos específicos da ciencia, como os laboratorios de física e química, asegurando a saúde propia e colectiva, a conservación sostible do medio ambiente e o coidado das instalacións.	Segue as instrucións do profesorado no uso das instalacións e, en concreto, dos laboratorios. Asociado aos subcontidos C1.3.1 e C1.4.1	TI	41

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Utilizar recursos variados, tradicionais e dixitais, mellorando a aprendizaxe autónoma e a interacción con outros membros da comunidade educativa, con respecto aos docentes e aos estudantes e analizando criticamente as achegas de cada participante.	Manexa libros texto e recursos dixitais no seu proceso de aprendizaxe de forma autónoma e en equipo. Asociado ao contido C.1.6		
CA1.6 - Traballar de forma adecuada e con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	Consulta información seleccionando fontes fiables e crea contidos utilizando libros de texto e buscadores de información en internet. Asociado ao C1.6 na presentación dun traballo sobre C1.7.		
CA1.7 - Establecer interaccións construtivas e coeducativas, emprendendo actividades de cooperación e do uso das estratexias propias do traballo colaborativo, como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia.	Participa de forma activa e construtiva en actividades en grupo cos seus compañeiros e compañeiras.		
CA1.8 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen valor para o individuo e para a comunidade.	Participa de forma activa e guiada en proxectos de aprendizaxe e servizo. Asociado ao contido C1.6.		
CA1.9 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica dos avances científicos logrados por homes e mulleres de ciencia, que este é un proceso en permanente construción e que existen repercusións mutuas da ciencia actual coa tecnoloxía, coa sociedade e co medio ambiente.	Coñece feitos e a súa repercusión na sociedade. É consciente da importancia da participación da muller na construción da ciencia. Asociado ao C1.6 na presentación dun traballo sobre C1.7.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Metodoloxías da investigación científica: identificación e formulación de cuestións, elaboración de hipóteses e comprobación experimental destas.</li> <li>- Traballo experimental e emprendemento de proxectos de investigación: estratexias na resolución de problemas e no desenvolvemento de investigacións mediante a indagación, a dedución, a procura de evidencias e o razoamento lóxico-matemático, facendo inferencias válidas das observacións e obtendo conclusións.</li> <li>- Diversas contornas e recursos de aprendizaxe científica como os laboratorios ou as contornas virtuais: materiais, substancias e ferramentas tecnolóxicas.</li> <li>- Contornas e recursos de aprendizaxe científica: Os laboratorios (Materiais, substancias)</li> <li>- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria, a seguridade nas redes e o respecto cara ao medio ambiente.</li> <li>- Normas de uso de cada espazo, asegurando e protexendo así a saúde propia e comunitaria e o respecto cara ao medio ambiente.</li> <li>- Normas de seguridade nas redes.</li> <li>- A linguaxe científica: unidades do sistema internacional de unidades e os seus símbolos. Ferramentas matemáticas básicas en diferentes escenarios científicos e de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de interpretación e produción de información científica utilizando diferentes formatos e diferentes medios: desenvolvemento do criterio propio baseado no que o pensamento científico chega á mellora da sociedade para facela máis xusta, equitativa e igualitaria.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- A cultura científica: o papel de científicos e científicas nos principais fitos históricos e actuais da física e da química no avance e na mellora da sociedade.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A materia	16

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Comprende fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais. Asociado aos contidos C2.1.2 (radioactividade) e C2.1.3 (semiconductores).	PE	90
CA2.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas asociados cos subcontidos C2.1.1, C2.1.2, C2.1.3, C2.2.1, C2.2.2 e C2.2.3.		
CA2.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Observa, formula hipóteses e aplica a experimentación, a indagación e a procura de evidencias. Asociado aos subcontidos C2.1.1 (caixa negra) e C2.2.2 (Propiedades de compostos químicos).		
CA2.5 - Utilizar adecuadamente os símbolos dos elementos químicos e as fórmulas das substancias máis importantes, as regras de formulación e nomenclatura, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	Formula e nomea substancias simples, ións monoatómicos e compostos binarios mediante as regras de nomenclatura da IUPAC. Asociado ao contido C2.3.		
CA2.6 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica do desenvolvemento do modelo atómico e da ordenación de elementos na táboa, que a ciencia é un proceso en permanente construción.	Recoñece o desenvolvemento histórico dos modelos atómicos e da ordenación dos elementos na táboa periódica. Asociado ao subcontido C2.1.1.		
CA2.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á composición e estrutura de sistemas materiais, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Interpreta e produce datos en forma de textos, táboas, gráficas, informes, esquemas modelos e símbolos, entre outros. Asociado ao subcontido C2.2.2 (propiedades e aplicacións de compostos químicos).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Estrutura atómica: desenvolvemento histórico dos modelos atómicos, existencia, formación e propiedades dos isótopos e ordenación dos elementos na táboa periódica.



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento histórico dos modelos atómicos.</li> <li>- Existencia, formación e propiedades dos isótopos. Isótopos radioactivos.</li> <li>- Ordenación dos elementos na táboa periódica.</li> <li>- Principais compostos químicos: a súa formación e as súas propiedades físicas e químicas, valoración das súas aplicacións. Masa atómica e masa molecular.</li> <li>- Formación dos principais compostos químicos: Tipos de enlace.</li> <li>- Propiedades físicas e químicas e aplicacións dos principais compostos químicos.</li> <li>- Significado e determinación de masa atómica e masa molecular.</li> <li>- Nomenclatura: participación dunha linguaxe científica común e universal formulando e nomeando substancias simples, ións monoatómicos e compostos binarios mediante as regras de nomenclatura da IUPAC.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Os cambios. A reacción química	19

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar e comprender os cambios físicos e químicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Identifica e comprende cambios físicos e químicos cotiáns relevantes. Asociado ao contido C4.1 (os cambios).	PE	89
CA4.2 - Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas utilizando as leis e as teorías adecuadas e expresando correctamente os resultados. Asociado ao subcontido C4.2.1 e ao contido C4.3 (axustes, estequiometría, uso de modelos).		
CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de cambios físicos e químicos a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Observa, formula hipóteses e aplica a experimentación, a indagación e a procura de evidencias. Asociado aos contidos C4.3, C4.4 e ao subcontido C4.2.1 (estudo experimental de reaccións químicas).		
CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa aos cambios físicos e químicos dun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Interpreta e produce datos en forma de textos, táboas, gráficas, informes, fórmulas, modelos e símbolos entre outros. Asociado ao contido C4.4 e o subcontido C4.2.2 (Industria química e progreso).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3.1. - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e describilas, así como analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Detecta situacións problemáticas relacionadas cos cambios químicos e descríbeseas proponendo solucións. Asociado ao subcontido C4.2.2 (Impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre...).	TI	11
CA4.3.2. - Emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír a solucionar problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos.	Emprende iniciativas para contribuír á solución de problemas relacionados cos cambios químicos. Asociado ao subcontido C4.2.2 (cálculo e redución da pegada de carbono).		
CA4.6 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos respecto a cambios físicos e químicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	Escoita solucións de problemas relacionados cos cambios químicos e analízalos. Asociado ao subcontido C4.2.2 (cálculo e redución da pegada de carbono).		
CA4.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen.</li> <li>- Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: explicación das relacións da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade.</li> <li>- Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: uso de modelos, axustes.</li> <li>- Explicación das relacións da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade.</li> <li>- Lei de conservación da masa e lei das proporcións definidas: aplicación destas leis como evidencias experimentais que permiten validar o modelo atómico-molecular da materia.</li> <li>- Factores que afectan as reaccións químicas: predición cualitativa da evolución das reaccións, entendendo a súa importancia na resolución de problemas actuais por parte da ciencia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Natureza eléctrica da materia	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2.1. - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve razoadamente problemas relacionados coa natureza eléctrica da materia, utilizando as leis e as teorías adecuadas e expresando correctamente os resultados. Asociado ao contido C3.2.	PE	70
CA3.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa natureza eléctrica da materia e coa enerxía a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Formula hipóteses e aplica a experimentación, a indagación e a procura de evidencias para comprobalas. Asociado ao contido C3.2. (construción de circuitos. Estudo de asociación de resistencias)		
CA3.1.1. - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia , a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Comprende fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados coa natureza eléctrica da materia. Asociado ao subcontido C3.1.1. (electroscopio e outros fenómenos electrostáticos).	TI	30
CA3.1.2. - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Comprende fenómenos fisicoquímicos cotiáns relacionados coa natureza eléctrica da enerxía.		
CA3.5.1. - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á natureza eléctrica da materia nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Interpreta e produce datos en forma de textos, táboas, gráficas, informes, esquemas modelos e símbolos entre outros. Asociado ao subcontido C3.1.2 (condutores e illantes).		
CA3.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.		Baleiro	0
CA3.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.			
CA3.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á natureza eléctrica da materia e da enerxía nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Natureza eléctrica da materia: electrización dos corpos.</li> <li>- A carga eléctrica.</li> <li>- Corrente eléctrica. Cargas en movemento a través dun condutor. Condutores e illantes.</li> <li>- Enerxía eléctrica: obtención. Circuitos eléctricos.</li> <li>- Circuitos eléctricos. Lei de Ohm</li> <li>- Construción de circuitos con asociación de resistencias en serie e en paralelo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Enerxía eléctrica	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2.2. - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa enerxía eléctrica, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve problemas referidos á enerxía eléctrica utilizando as leis e as teorías adecuadas, e expresando correctamente os resultados. Asociado ao subcontido C3.2.3 (Potencia e enerxía).	PE	28
CA3.1.2. - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Comprende fenómenos fisicoquímicos cotiáns relativos á enerxía eléctrica. Asociado ao contido C.3.2 (Centrais eléctricas, transformación da enerxía eléctrica, máquinas eléctricas..).	TI	72
CA3.3.1. - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Detecta na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención da enerxía eléctrica e descríbeas propoñendo solucións. Asociado ao contido C3.3 (aforro de enerxía eléctrica).		
CA3.3.2. - Emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á solución de situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica.	Emprende iniciativas para contribuír á solución de problemas relacionados coa obtención da enerxía eléctrica. Asociado ao subcontido C3.2.4 (aforro de enerxía eléctrica na casa, na escola...).		
CA3.5.2. - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á enerxía eléctrica nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Interpreta e produce datos en forma de textos, táboas, gráficas, informes, esquemas modelos e símbolos, entre outros. Asociado ao contido C3.3 (comparativas de consumo e o aforro de enerxía no mundo).		
CA3.6 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos en canto á enerxía que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	Emprende iniciativas para contribuír á solución de problemas relacionados coa obtención da enerxía eléctrica. Asociado ao subcontido C3.2.4 (aforro de enerxía eléctrica na casa, na escola...).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns.	Detecta na contorna a necesidade do aforro enerxético e da conservación sostible do medio ambiente. Asociado ao contido C3.3.		
CA3.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.		Baleiro	0
CA3.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.			
CA3.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.			
CA3.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á natureza eléctrica da materia e da enerxía nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Enerxía eléctrica: obtención. Circuitos eléctricos.</li> <li>- Enerxía eléctrica: obtención. Unidades de enerxía. Potencia eléctrica.</li> <li>- Transformación da electricidade en movemento, luz, son, calor... Máquinas eléctricas.</li> <li>- O aforro enerxético e a conservación sostible do medio ambiente.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Acorde coas liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe recollidas no decreto que desenvolve o currículo na Comunidade Autónoma de Galicia, farase o uso de distintas estratexias metodolóxicas que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan tanto o traballo individual e algunha vez o traballo grupal.

Así mesmo, formarán parte da metodoloxía a realización de tarefas , así como situacións-problemas formuladas cun obxectivo concreto que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

Cómpre ter en conta que a construción da ciencia e o desenvolvemento do pensamento científico durante todas as

etapas da formación do alumnado debe partir da formulación de cuestións científicas baseadas na observación directa ou indirecta do mundo en situacións e en contextos habituais. A explicación, a partir do coñecemento, da procura de evidencias, da indagación e da correcta interpretación da información que a diario chega ao público en diferentes formatos e a partir de diferentes fontes, precisa unha adecuada adquisición das competencias correspondentes.

Polo dito, en todas as avaliacións incluíranse: enunciados de coñecemento que permitan aplicar un proceso de argumentación en base ás probas dispoñibles (recóllense nas descrições das unidades didácticas) e utilizaranse ferramentas tecnolóxicas.

Concederáselle especial importancia á presentación dos resultados obtidos, que se axustará ao que é habitual nas comunicacións científicas. Desta forma traballarase transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e a competencia dixital.

Para dar resposta ao indicado no CA1.6 "Traballar de forma adecuada e con medios variados, tradicionais e dixitais, na consulta de información e na creación de contidos, seleccionando con criterio as fontes máis fiables e adecuadas mellorando a aprendizaxe propia e colectiva" propóranse traballos de busca de información relacionadas coa contaminación ambiental e a saúde. Preténdese que combinen saberes das diferentes ciencias.

Nalgunha actividade utilizarase o traballo tanto colaborativo como cooperativo deseñando plans de equipo que permitan asegurar o correcto funcionamento deste, seguindo o indicado no CA1.7 "Establecer interaccións construtivas e coeducativas, emprendendo actividades de cooperación e do uso das estratexias propias do traballo colaborativo, como forma de construír un medio de traballo eficiente na ciencia".

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos: Aula, aula virtual, laboratorio equipado, ordenadores, recursos audiovisuais, recursos informáticos e todo tipo de recursos de papelería, láminas, carteis...
Materiais: Libro de texto/apuntamentos, vídeos e textos elaborados polo profesorado e/ou alumnado, presentacións audiovisuais, material dixital seleccionado, material de laboratorio adecuado ás prácticas deseñadas, modelos moleculares...

Material de distintas fontes apropiado para a materia.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:

- Materias pendentes ou en repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogas.
- Outros aspectos de importancia que poidan afectar o proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme aos criterios de avaliación de 2º de ESO. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>23</b>	<b>22</b>	<b>18</b>	<b>17</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	59	90	89	70	28	<b>69</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	41	10	11	30	72	<b>31</b>

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

-Un 80% a valoración das probas escritas/ orais realizadas referentes os criterios de avaliación.

-Un 10% a valoración dos seus traballos específicos (informes monográficos, caderno-libreta de traballo, traballo de laboratorio

- Un 10% a valoración da súa actitude (participación, interese,...), así como da realización das tarefas diarias.

No caso de que nalgún dos períodos de avaliación non houberse traballos específicos que cualificar, a ponderación se repartirá equitativamente entre as outras valoracións.

En cada avaliación realizarase polo menos unha proba escrita. No caso de que se fagan varias probas o profesor explicará ao alumnado en que proporción puntuá cada proba e farase unha media ponderada delas, en función da cantidade de contidos que abarque cada unha.

A cualificación da avaliación será a media ponderada dos instrumentos utilizados,

### Criterios de recuperación:

O alumnado que obteña unha cualificación negativa nalgunha das avaliacións trimestrais, poderá realizar un exame de recuperación (salvo na terceira, por falta de tempo) correspondentes ás unidades didácticas desenvolvidas nese período de avaliación.

Previamente a realizar esta proba, cada profesor, na propia aula, atenderá as dúbidas presentadas por estes/as alumnos/as. Considérase que, o alumnado que aprobe este exame, superará a materia correspondente a ese trimestre cunha nota final que será:

-Para o alumnado que obteña unha nota entre 5 e 6 a nota da avaliación será de 5.

- Para o alumnado que obteña unha nota superior a 6, faráselle unha media ponderada do seguinte xeito:

o 80 % da nota obtida na proba de recuperación

o 20 % da nota que obtiveron na avaliación

Esta nota redondearase á súa parte enteira, calquera que sexa a parte decimal.

De cara a avaliación final da materia, unha vez rematado o terceiro trimestre o alumnado estará nalgunha das seguintes situacións:

- As tres avaliacións aprobadas ou dúas aprobadas e unha compensable (nota de 4): a materia está superada cunha nota que é a media aritmética das tres avaliacións.

- Dúas avaliacións aprobadas e a outra suspensa cunha nota inferior a 4: o alumnado terá a posibilidade de elexir entre as seguintes opcións para poder superar a materia:

o Facer un exame final de todos os contidos do curso. Para aprobar a materia ten que acadar unha nota mínima de 5 puntos. A nota final da materia sera o 100% a nota do exame.

o Facer un exame de recuperación soamente da avaliación suspensa. Para aprobar a materia ten que acadar unha nota mínima de 4 puntos. Para calcular a nota global do curso, esta nota fará media aritmética cos outros dous trimestres.

Dúas ou tres avaliacións suspensas: hai que facer un exame de recuperación ao final de curso de toda a materia. A nota final da materia sera o 100% a nota do exame.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para recuperar a materia pendente o alumnado ten que acadar os obxectivos da materia e adquirir as competencias correspondentes. Con este propósito garantíranse as seguintes accións.

- 1.- Todo o alumnado que teña pendente a Física e Química de 3º estará matriculado nun curso específico na aula virtual.
- 2.- Para este alumnado se lles recomendará uns exercicios que abranguen o que teñen que estudar para os exames. Poderán preguntar as dúbidas nos recreos.
- 3.- A materia estará dividida en dous exames parciais. Se facendo a media de ambos chegan a 5 puntos, a materia estará aprobada. En caso contrario, terán outra oportunidade nun exame final de toda a materia.

En todas as convocatorias, a nota final será o 100% da nota do exame. Esta nota redondearase á súa parte enteira, calquera que sexa a parte decimal.

O/a alumno/a que copie terá como nota de exame un cero e levará a nota máis baixa na avaliación.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado coa materia aprobada o curso anterior adoptaranse medidas como as seguintes:

- Proposta de actividades que manteñan o seu interese e afiancen os seus coñecementos previos.
  - Proposta de actividades de ampliación que favorezan a adquisición de competencias e a preparación para cursos posteriores.
  - Participación do alumnado en tarefas cooperativas nas que os seus coñecementos previos podan incidir positivamente no aprendizaxe do seus compañeiros e compañeiras.
- O longo de cada unidade didáctica a par da exposición dos contidos faise o seguinte:
- Destacando ideas principais e relacións. (Utilizar organizadores como guión do tema, presentacións en powerpoint ou videos con ideas principais, mapas conceptuais, etc.).
  - Usando múltiples medios de comunicación. (Resolver problemas utilizando distintas estratexias, individual ou grupal.)
  - Aumentando a capacidade para facer un seguimento dos avances. (Facer preguntas guía, proporcionar modelos de autoavaliación, etc.).
  - Propor actividades de búsqueda de información con resultados comunicables, que permitan a investigación, que fomenten o uso da imaxinación, etc..

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e a súa posterior presentación.	X	X	X	X	X



	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.2 - A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (Obtención de enerxía eléctrica, tratamento de augas residuais...), así como en pequenos debates e similares.	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual, facendo comentarios en videos en redes.			X	X	X
ET.4 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, a produción de informes ou a presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou as aplicacións interactivas sobre formulación e similares.	X	X	X	X	X
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas en diversas fontes.	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores, mediante a relación entre os membros da comunidade educativa, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto nas actuacións que se leven a cabo, e tendo en conta o cumprimento das normas.	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
------------	------------

Actividade	Descrición
Visita a unha industria ou visita ao centro de traballadores da empresa pública ou privada.	Farase durante o primeiro ou segundo trimestre coincidindo co desenvolvemento da unidade didáctica 1). Preténdese que o alumnado coñeza con detalle o método científico na vida real a e que despois faga unha observación deste traballo e unha reflexión sobre o impacto na economía da zona.
Análise de augas ou identificación de plantas con interese sanitario/químico/alimentación.	Farase durante o terceiro trimestre coincidindo co desenvolvemento da unidade didáctica 3 (A reacción química).

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
2.-Aprendizaxes acadadas polo alumnado. Usando como indicador de logro o éxito académico, ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%) 2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) e 4 (>90%).
3.-As medidas de atención á diversidade dentro da aula. Usando como indicador de logro a porcentaxe de medidas de atención á diversidade recollidas no apartado 6 desta programación, para cada una das PAUTAS que foron desenvolvidas, e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1(<50%) 2(<75%, >50%) 3 (<90%, >75%) 4 (>90%).
4.-Desenvolvemento da programación didáctica. Usando como indicador de logro o grao de desenvolvemento e adecuación daquela e ponderando entre 1 e 4 segundo: 1 (desenvolveuse < 90% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems); 2 (desenvolveuse o 100% e menos de 3 nalgún dos anteriores ítems); 3 (desenvolveuse > 90% e máis de 3 nos anteriores ítems); 4 (desenvolveuse o 100% e máis de 3 nos anteriores ítems).
7.-Procedementos de avaliación do alumnado. Usando como indicador a eficacia da retroalimentación, medida conforme e ao que se recolle no apartado de descrición e ponderando entre 1 e 4 segundo a porcentaxe de respostas afirmativas: 1(<50%), 2(<75%, >50%), 3 (<90%, >75%), 4(>90%)

#### Descrición:

#### 7.-PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Responder SI ou NON aos seguintes ítems, aportando as evidencias e/ou propostas de mellora (estas últimas son obrigatorias se a resposta é NON).

#### ÍTEMS

- 1.-Ao comentar o exercicio, exposición, etc. que fixo o alumno/a sinalase tanto o que fixo ben como os erros cometidos?
- 2.-Os comentarios e a frecuencia en proporcionar retroalimentación axústanse a cada alumno/a en particular?
- 3.-Téntase que a retroalimentación sexa o máis inmediato posible para o alumnado con menor competencia nesa tarefa?
- 4.-Dilátase a retroalimentación para o alumnado con maior competencia?
- 5.-Ao sinalar un erro indícase en que se equivocou e dáse algunha pista de como resolvelo correctamente?
- 6.-Cando o alumnado o necesita, exemplifícase o proceso paso a paso?
- 7.-Facilítanse pautas de corrección, rúbricas... para que o alumnado poida autoavaliar o seu traballo?
- 8.-Realízanse frecuentemente actividades de autoavaliación e coavaliación na corrección de exercicios?
- 9.-En ocasións pídeselle opinión ao alumno ou alumna acerca de que comentarios ou apoios sobre a súa tarefa lle axudan máis?
- 10.-Anímase ao alumno/a a que reflexione ao realizar un exercicio/tarefa preguntándose que teño que facer, como estou ao facer e como o fixen?

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación didáctica será un punto a tratar na reunión mensual do departamento.

Serán especialmente importantes as reunións posteriores ás sesións de avaliación (en datas o máis próximas posibles). Nestas reunións farase unha avaliación do éxito da implementación da programación utilizando a información recollida nas sesións de avaliación. Analizarase expresamente o grao de cumprimento das propostas de mellora realizadas con anterioridade.

En función da análise realizada faranse as correspondentes propostas de mellora.

Finalizado o curso, tendo en consideración os resultados da avaliación do proceso de ensino e práctica docente, estableceranse as propostas de modificación da programación de cara ao seguinte curso.

## **9. Outros apartados**

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019426	IES Coruxo	Vigo	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Física e química	1º Bac.	4	140

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

## 1. Introducción

Esta programación artículase de acordo cos criterios preceptivos expresados na normativa vixente:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) - Última modificación: 8 de decembro de 2018
- Lei Orgánica 3/2020, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de educación, coñecida como LOMLOE
- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia.

No presente curso académico, 2022-2023, implántase nos cursos impares (1º e 3º ESO e 1º Bacharelato) a Lei Orgánica 3/2020, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de educación, coñecida como LOMLOE.

A Física e a Química contribúen ós obxectivos fundamentais do sistema educativo: dotar ó alumnado dunha formación coherente coas súas necesidades e cos retos nos que a sociedade se desenvolve, interpretando o Universo e buscando explicacións ós fenómenos observables. Ademais, como tódalas ciencias, constitúen un elemento fundamental da cultura do noso tempo.

Estas materias deberían contribuír a que o alumnado se interese polas Ciencias como ferramentas que facilitan o análise de fenómenos cotiáns e fomentar a participación na toma de decisións sobre problemas locais e globais relacionados cos ámbitos científicos, tecnolóxico, social e medioambiental. O currículo destas materias deberá incluír contidos enfocados as finalidades anteriormente expostas e que ademais permitan desenvolver estudos posteriores.

Podemos resumir estas liñas básicas sinalando o dobre papel que debe desempeñar o ensino da Física e da Química.

	8.1- Concreción curricular .....	24
	8.2- Distribución dos contidos en unidades e temporalización .....	34
	8.3- Temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación de avaliación para cada estándar.....	36
9-	Procedementos e instrumentos de avaliación na ESO .....	45
10-	Criterios xerais de corrección na ESO .....	46
11-	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción na ESO .....	47
	<b>BACHARELATO.....</b>	<b>50</b>
12-	Obxectivos xerais do Bacharelato .....	50
13-	Metodoloxía, materiais e recursos didácticos no Bacharelato .....	51
14-	Física de segundo de Bacharelato .....	52
	14.1- Concreción curricular para Física de 2º Bacharelato .....	52
	14.2- Distribución dos contidos en unidades e temporalización .....	63
	14.3- Temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación de avaliación para cada estándar.....	65
15-	Química de segundo de Bacharelato .....	76
	15.1- Concreción curricular para Química de 2º Bacharelato.....	76
	15.2- Distribución dos contidos en unidades e temporalización .....	84
	15.3- Temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación de avaliación para cada estándar.....	85

---

16-	Procedimientos e instrumentos de avaliación no bacharelato.....	94
17-	Criterios xerais de corrección no Bacharelato .....	95
18-	Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado no Bacharelato ..	95
19-	Avaliación inicial .....	99
20-	Alumnado con necesidades educativas especiais.....	100
21-	Plan de traballo para a superación de materias pendentes na ESO e no Bacharelato .	101
22-	Programas específicos para o alumnado repetidor na ESO .....	102
23-	Actividades complementarias e extraescolares.....	102
24-	Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe, a práctica docente e a programación didáctica .....	103

## 1- Introducción e contextualización

Esta programación articúlase de acordo cos criterios preceptivos expresados na normativa vixente:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) - Última modificación: 8 de decembro de 2018
- Lei orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa – Última modificación: 23 de marzo de 2018
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia.

No presente curso académico, 2022-2023, implántase nos cursos impares (1º e 3º ESO e 1º Bacharelato) a Lei Orgánica 3/2020, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de educación, coñecida como LOMLOE. Polo tanto, este documento soamente contén o referente aos cursos non afectados por dita lei (2º e 4º ESO e 2º Bacharelato). A programación dos cursos impares realizarase mediante a plataforma PROENS.

A Física e a Química contribúen ós obxectivos fundamentais do sistema educativo: dotar ó alumnado dunha formación coherente coas súas necesidades e cos retos nos que a sociedade se desenvolve, interpretando o Universo e buscando explicacións ós fenómenos observables. Ademais, como tódalas ciencias, constitúen un elemento fundamental da cultura do noso tempo.

Estas materias deberían contribuír a que o alumnado se interese polas Ciencias como ferramentas que facilitan o análise de fenómenos cotiáns e fomentar a participación na toma de decisións sobre problemas locais e globais relacionados cos ámbitos científicos, tecnolóxico, social e medioambiental. O currículo destas materias deberá incluír contidos enfocados as finalidades anteriormente expostas e que ademais permitan desenvolver estudos posteriores. Podemos resumir estas liñas básicas sinalando o dobre papel que debe desempeñar o ensino da Física e da Química.

Un papel formativo que permite afondar nos coñecementos necesarios para comprender o mundo que nos rodea e adquirir unha actitude fundamentada, analítica e crítica. Fomentar a reflexión, o uso dos modelos e teorías, que permiten recoñecer como estas ciencias e a tecnoloxía inflúen no desenvolvemento da sociedade e viceversa.

Un papel funcional que permite o recoñecemento dos fenómenos naturais dende o punto de vista empírico e experimental, á vez que familiariza ó alumnado coas características da investigación científica e da súa aplicación na resolución dos problemas concretos.

A materia de Física e Química impártese nos dous ciclos na etapa de ESO, no primeiro curso de bacharelato e por separado no segundo de bacharelato.

Dadas as características maioritarias do alumnado do IES Coruxo (entorno, nivel de estudos dos pais e nais, ocupación dos mesmos etc) recollidas no PEC, a programación deberá ter en conta as seguintes consideracións:

Na ESO deberá darse prioridade, na programación da aula e na avaliación, a aspectos como:

- Espertar o interese e a curiosidade pola ciencia mediante a achega constante de exemplos e propostas de tarefas e actividades relacionadas con aspectos da vida cotiá e da actualidade.
- Promover actividades que fomenten a adquisición de hábitos de traballo, de indagación crítica, de buscas e análises de información e de cooperación cos/as compañeiros/as e o entorno.
- Favorecer o razoamento e a comprensión, en lugar da memorización, de conceptos e leis.
- Valorar o uso adecuado a cada circunstancia do tipo de linguaxe máis indicado en cada caso (expresión oral e escrita, utilización de símbolos, fórmulas e ecuacións, esquemas....)
- As orientacións dada pola Consellería para a preparación da reválida de 4ºESO.

En Bacharelato:

- Deberá proseguir o labor de relacionar a materia estudada cos avances tecnolóxicos e científicos e coa problemática actual.
- Aumentarase, progresivamente, a valoración de aspectos formais e o rigor no uso de notacións e representacións adecuadas.
- Terase en conta as orientacións dadas pola Consellería para a preparación do alumnado para a reválida de 2ºbacharelato.

## 2- O Departamento de Física e Química

No presente curso académico, o Departamento queda constituído polos seguintes membros:

- David Hernández Barbosa. Profesor con destino definitivo no centro e Xefe de Departamento.

Materias que imparte:

4º ESO A: Física e Química

1º BAC: Física e Química

1º BAC: Afondamento de Física e Química – Laboratorio

2º BAC: Física

Fóra das horas de Física e Química:

2º ESO: Reforzo de Matemáticas (tres grupos)

- Begoña Baltar Valencia. Profesora con destino definitivo no centro.

Materias que imparte:

3º ESO A, B, C, D: Física e Química

2º BAC: Química (dous grupos)

Titoría de 3º ESO-B

- Xoel Martínez Rodríguez. Profesor en practicas.

Materias que imparte:

2º ESO A, B, C, D: Física e Química

Titoría de 2º ESO-D

Fóra das horas de Física e Química:

2º ESO: Reforzo de Matemáticas (un grupo)

Proxecto Competencial (dous grupos)  
Valores Éticos (dous grupos)

As reunións de departamento quedan establecidas para o primeiro martes de cada mes, no primeiro recreo, de 10:10 a 10:30.

### 3- Relación da materia coas competencias

O currículo de Física e Química debe contribuír a adquisición das competencias clave establecidas na lexislación vixente.

Hai que ter en conta que os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o que o alumnado sabe e sabe facer. Estes desglósanse en estándares de aprendizaxe avaliáveis. Para valorar o desenvolvemento das competencias do alumnado, os estándares de aprendizaxe avaliáveis póñense en relación coas competencias, permitindo graduar o rendemento ou desempeño alcanzado en cada unha delas, tal como reflicte a programación das unidades didácticas.

A materia contribúe de forma substancial á COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT).

A adquisición por parte do alumnado da teoría da Física e da Química está moi relacionada coa competencia matemática debido ao uso de expresións alxebráicas, a análise de gráficos, a realización de cálculos, os cambios de unidades e as representacións matemáticas.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable co mesmo. Contribúen ás mesmas, destrezas como o uso de datos, conceptos e feitos; o deseño e montaxe de experimentos; a contrastación de teorías o hipóteses; a análise de resultados para chegar a conclusións e a toma de decisións baseadas en probas e argumentos.

Respecto á COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL), a materia contribúe ao desenvolvemento da mesma tanto coa riqueza do vocabulario específico como coa valoración da claridade na expresión oral e escrita, o rigor no emprego de termos, facer resúmenes, e o uso da linguaxe exento de prexuízos e non sexista.

A habilidade do alumnado para iniciar, organizar e distribuír tarefas, e a perseveranza na aprendizaxe son estratexias científicas útiles para a súa formación ao longo da vida desenvolve no alumnado a competencia APRENDER A APRENDER (CAA).

A COMPETENCIA DIXITAL (CD), ten un tratamento específico nesta materia a través do uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC's). O uso de aplicacións virtuais interactivas permite a realización de experiencias prácticas que por razóns de infraestrutura no serían viables noutras circunstancias. Por outro lado, as Tics son una ferramenta eficaz para obter datos, extraer e utilizar información de diferentes fontes e presentar traballos.

O SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR (CSIEE), identifícase coa capacidade de transformar as ideas en actos. A conexión máis evidente entre esta capacidade e a materia Física

e Química é a través da realización de proxectos científicos, que nesta etapa teñen que estar adaptados á madurez do alumnado. Arredor da realización dun proxecto hai que ter en conta a capacidade creadora e de innovación, a autonomía e o esforzo co fin de acadar o obxectivo previsto.

Así mesmo contribúe ao desenvolvemento das COMPETENCIAS SOCIALES Y CÍVICAS (CSC) na medida en que resolver conflitos pacificamente, contribuír a construír un futuro sostible, a superación de estereotipos, prexuízos e discriminacións que por razóns de sexo, orixe social, crenza ou discapacidade, están presentes no traballo en equipo y no intercambio de experiencias e conclusións. Por outra parte o coñecemento das revolucións científicas contribúe a comprender a evolución da sociedade en épocas pasadas e analizar a sociedade actual.

Por último, a COMPETENCIA DE CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC) non recibe un tratamento específico nesta materia pero enténdese que nun traballo por competencias desenvólvense capacidades de carácter xeral que poden ser transferidas a outros ámbitos, incluíndo o artístico e cultural.

## **4- Elementos transversais**

Os elementos transversais que se traballará ao longo do curso son os seguintes:

CL: Comprensión lectora

EOE: Expresión oral e escrita

CA: Comunicación audiovisual

TIC: Tecnoloxías da información e da comunicación

EMP: Emprendemento

EC: Educación cívica

PV: Prevención da violencia

EV: Educación e seguridade viaria

Nos cadros onde se relacionan os estándares de aprendizaxe cons instrumentos de avaliación (entre outros parámetros) para cada curso, aparecen reflexados os elementos transversais que se traballan, acorde as abreviaturas empregadas neste apartado.

## EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

### 5- Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a



diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 6- Metodoloxía, materiais e recursos didácticos na ESO

A actividade construtiva do alumnado é o factor decisivo na realización das aprendizaxes na escola. Esta actividade construtiva debe levar ó alumnado a modificar e reelaborar os seus esquemas de coñecemento e a construír a súa propia aprendizaxe.

O profesorado actuará como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes significativas que leven a establecer relacións entre os coñecementos, experiencias previas e os novos contidos.

O profesorado deberá proporcionar oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, para que o alumnado comprobe o interese e a utilidade do aprendido. É igualmente importante estimular a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións, de forma que o alumnado poda analizar o avance respecto das súas ideas previas. A aprendizaxe será funcional, asegurando que poida ser empregado en circunstancias reais, que sexan útiles para realizar outras aprendizaxes e que supoña o desenvolvemento de estratexias que permitan a planificación e regulación da propia actividade de aprender.

O profesorado debe axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado e facilitar recursos e estratexias variadas que permitan dar respostas ás diversas motivacións, intereses e capacidades que presenta o alumnado.

Atendendo ós principios enunciados anteriormente e ás características propias dos contidos científicos, o enfoque metodolóxico seguirá as seguintes pautas:

- A metodoloxía será activa e participativa.
- Deberá perseguirse, como eixo fundamental, a adquisición das competencias claves, especialmente a Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Tratarase de fixar hábitos de traballo propios do coñecemento científico.
- A metodoloxía deberá ser variada incluíndo:
  - Explicacións breves
  - Discusións e debates. Propostas de hipóteses
  - Tarefas e actividades relacionadas con comprobacións experimentais ou pequenas investigacións
  - Utilización da linguaxe propia das ciencias (gráficas, fórmulas, leis, sistemas de unidades)
  - Traballo individual e en grupo que requiran a busca de información en medios impresos ou informáticos
  - Presentación de informes e traballos en diferentes soportes adecuados a cada caso

En canto aos materiais e recursos didácticos, cabe salientar a participación do departamento no programa E-DIXGAL no que está inscrito o centro e que está presente en todos os cursos da ESO.

Polo tanto, nestes niveis non haberá un libro de texto en formato papel, senón os recursos dixitais postos a disposición pola Consellería no entorno virtual de aprendizaxe (EVA).

Dentro do catálogo de recursos dispoñibles, o Departamento escolleu a editorial Edebé como material básico de apoio nas clases, aínda que se poderán empregar outros se se consideran axeitados en cada unidade didáctica.

Do mesmo xeito, seguiránse utilizando os enlaces a páxinas web, simulacións virtuais, vídeos e outros documentos que ata agora poñíanse a disposición do alumnado mediante a aula virtual do centro.

A dispoñibilidade de ordenadores individuais nas aulas fará posible a realización de máis actividades dixitais. Sen embargo, este feito non provocará unha diminución na relevancia das explicacións do profesorado da materia, nin a falta dun caderno de notas por parte do alumnado no que tomará as notas oportunas e realizará os exercicios propostos. Os ordenadores dispoñibles son unha ferramenta coa que conta o alumnado que deberá ser empregada soamente cando os contidos e a dinámica da clase sexan propicios, segundo o criterio do profesorado da materia.

Polo tanto, os recursos empregados serán o seguintes:

- No ordenador da aula: simulacións, páxinas web de interese, vídeos, .... Os enlaces a estes recursos estarán a disposición do alumnado na propio entorno Edixgal.
- Material de apoio do departamento.
- Material proporcionado polas editoriais, tanto físico como dixital.
- Material dos laboratorios.
- Outros recursos e espazos do centro (biblioteca, mural da táboa periódica, ...)

## 7- Física e Química de 2º ESO

### 7.1- Concreción curricular

Física e Química. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A actividade científica				
f h	B1.1. Método científico: etapas. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.	FQB1.1.1. Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.	CAA CCL CMCCT
			FQB1.1.2. Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.	CCL CMCCT
f m	B1.3. Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade.	B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.	FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.	CCEC CMCCT

b f	B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.	B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes.	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.	CMCCT
			FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os	CSIEE CMCCT

Física e Química. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	
f	B1.5. Traballo no laboratorio.	B1.4. Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.	FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.	CMCCT CCL
			FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	CMCCT
e f h i	B1.6. Procura e tratamento de información. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.	B1.5. Extraer de forma guiada a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.	FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	CAA CCL CMCCT
			FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.	CAA CD CSC
b e f g h i	B1.1. Método científico: etapas. B1.2. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. B1.4. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. B1.5. Traballo no laboratorio. B1.6. Proxecto de investigación.	B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	CAA CCEC CCL CD CMCCT CSIEE
			FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	CAA CSC CSIEE
Bloque 2. A materia				

b f	B2.1. Propiedades da materia. B2.2. Aplicacións dos materiais.	B2.1. Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.	FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.	CMCCT
			FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.	CMCCT
			FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa	CMCCT

Física e Química. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			densidade.	
b f	B2.3. Estados de agregación. Cambios de estado. Modelo cinético-molecular.	B2.2. Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular.	FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.	CMCCT
			FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.	CMCCT
			FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplicaos á interpretación de fenómenos cotiáns.	CMCCT
			FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifica utilizando as táboas de datos necesarias.	CMCCT
f	B2.4. Leis dos gases.	B2.3. Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais.	FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co modelo cinético-molecular.	CMCCT
			FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.	CAA CMCCT
f	B2.5. Substancias puras e mesturas. B2.6. Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides.	B2.4. Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese.	FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	CMCCT

			FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.	CMCCT
			FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	CCL CMCCT
f	B2.7. Métodos de separación de mesturas.	B2.5. Propor métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplícalos no	FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características	CAA CMCCT CSIEE

Física e Química. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		laboratorio.	das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.	
Bloque 3. Os cambios (inicio)				
f h	B3.1. Cambios físicos e cambios químicos. B3.2. Reacción química.	B3.1. Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias.	FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.	CMCCT
			FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos.	CCL CMCCT
			FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas.	CMCCT
f	B3.2. Reacción química.	B3.2. Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras.	FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	CMCCT
f m	B3.3. A química na sociedade e o ambiente.	B3.3. Recoñecer a importancia da química na obtención de novas substancias e a súa importancia na mellora da calidade de vida das persoas.	FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.	CMCCT
			FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.	CMCCT CSC

f m	B3.3. A química na sociedade e o ambiente.	B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.	FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.	CMCCT CSC CSIEE
Bloque 4. O movemento e as forzas				
f	B4.1. Forzas: efectos. B4.2. Medida das forzas.	B4.1. Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións.	FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	CMCCT
			FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para	CMCCT

Física e Química. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			a súa comprobación experimental.	
			FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	CMCCT
			FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.	CMCCT
b f	B4.3. Velocidade media.	B4.2. Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo.	FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.	CAA CD CMCCT
			FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	CMCCT
f	B4.4. Velocidade media. B4.5. Velocidade instantánea e aceleración.	B4.3. Diferenciar entre velocidade media e instantánea a partir de gráficas espazo/tempo e velocidade/tempo, e deducir o valor da aceleración utilizando estas últimas.	FQB4.3.1. Deducir a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	CMCCT
			FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	CMCCT

f	B4.6. Máquinas simples.	B4.4. Valorar a utilidade das máquinas simples na transformación dun movemento noutro diferente, e a redución da forza aplicada necesaria.	FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.	CMCCT
f	B4.7. O rozamento e os seus efectos.	B4.5. Comprender o papel que xoga o rozamento na vida cotiá.	FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.	CMCCT
f	B4.8. Forza gravitatoria.	B4.6. Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos niveis de agrupación no Universo, e analizar os factores dos que depende.	FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.	CMCCT
			FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da	CMCCT

Física e Química. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.	
			FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos.	CMCCT
f	B4.9. Estrutura do Universo. B4.10. Velocidade da luz.	B4.7. Identificar os niveis de agrupación entre corpos celestes, desde os cúmulo de galaxias aos sistemas planetarios, e analizar a orde de magnitude das distancias implicadas.	FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.	CMCCT
b e f g h	B4.1. Forzas: efectos. B4.8. Forza gravitatoria.	B4.8. Recoñecer os fenómenos da natureza asociados á forza gravitatoria.	FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.	CCL CD CMCCT CSIEE
<b>Bloque 5. Enerxía</b>				
f	B5.1. Enerxía: unidades.	B5.1. Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios.	FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.	CMCCT

			FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.	CMCCT
f	B5.2. Tipos de enerxía. B5.3. Transformacións da enerxía. B5.4. Conservación da enerxía.	B5.2. Identificar os tipos de enerxía postos de manifesto en fenómenos cotiáns e en experiencias sinxelas realizadas no laboratorio.	FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.	CMCCT
f h	B5.5. Enerxía térmica. Calor e temperatura. B5.6. Escalas de temperatura. B5.7. Uso racional da enerxía.	B5.3. Relacionar os conceptos de enerxía, calor e temperatura en termos da teoría cinético-molecular, e describir os mecanismos polos que se transfere a enerxía térmica en situacións cotiás.	FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.	CMCCT
			FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin.	CMCCT
			FQB5.3.3. Identifica os	CAA

Física e Química. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoos en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.	CMCCT CSC
f h	B5.8. Efectos da enerxía térmica.	B5.4. Interpretar os efectos da enerxía térmica sobre os corpos en situacións cotiás e en experiencias de laboratorio.	FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.	CMCCT
			FQB5.4.2. Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.	CMCCT
			FQB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiáns e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.	CMCCT
f h m	B5.9. Fontes de enerxía. B5.10. Aspectos industriais da enerxía.	B5.5. Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as fontes, comparar o seu impacto ambiental e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sustentable.	FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.	CCL CMCCT CSC



## 7.2- Distribución dos contidos en unidades e temporalización

As unidades didácticas se corresponden coas do libro dixital da editorial Edebé que se atopa nos contidos dispoñibles na plataforma EVA.

Bloques	Unidades	Avaliacións	Nº sesións	Probas de avaliación
1 A actividade científica	<b>Unidade 1: O traballo dos científicos</b>	1ª Avaliación Setembro- Decembro  41 días lectivos	U1: 11 sesións	X
2 A materia	<b>Unidade 2: A materia que nos rodea</b>		U2: 15 sesións	
	<b>Unidade 3: A diversidade da materia</b>		U3: 15 sesións	X
3 Os cambios	<b>Unidade 5: A materia se transforma</b>	2ª Avaliación Xaneiro- Marzo  33 días lectivos	U5: 10 sesións	X
4 O movemento e as forzas	<b>Unidade 6: Vivimos en movemento</b>		U6: 17 sesións	X
4 O movemento e as forzas	<b>Unidade 7: As forzas (1ª parte)</b>		U7: 6 sesións	
4 O movemento e as forzas	<b>Unidade 7: As forzas (2ª parte)</b>	3ª Avaliación Abril-Xuño  23 días lectivos	U7: 10 sesións	X
5 A enerxía	<b>Unidade 8: A enerxía e as súas transformacións</b>		U8: 8 sesións	X
	<b>Unidade 9: Enerxías térmica e eléctrica</b>		U9: 5 sesións	
Nº días lectivos en 2º ESO (3 sesións semanais): ≈ 97 días				

### 7.3- Temporalización, grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación de avaliación para cada estandar.

O primeiro bloque, que se corresponde ca unidade 1, está dedicado a desenvolver as capacidades inherentes ao traballo científico, partindo da observación e a experimentación como base do coñecemento. Os elementos propios deste bloque deben desenvolverse de xeito transversal ao longo de todo o curso. Os estándares deste bloque, de carácter transversal como xa se indicou, cobran sentido ao combinalos cos doutros bloques, e polo tanto avaliaranse en todas as avaliacións.

#### 2º ESO 1ª AVALIACIÓN UNIDADES 1, 2, 3

Bloque	Obxectivo s.	Estándares	Competen. Clave	Element. transvers.	Relevancia.	Grao min consec.	Instrumentos avaliación						Temporalización			Unidade
							Prob escrita	Trab. indiv.	Trab. grupo	Laboratorio	Caderno	Observación	1º Av	2ª Av	3ª Av	
1	f, h	FQB1.1.1 Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos	CAA CCL CMCCT	CL, EOE	1	25 %					x	x	x	x	x	1
1	f, h	FQB1.1.2 Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunícaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas	CCL CMCCT	CL, EOE	1	25 %				x	x		x	x	x	1
1	f, m	FQB1.2.1 Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.	CCEC CMCCT	CL, EOE	1	25 %		x					x	x	x	1
1	b, f	FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados	CMCCT	CL, EOE	4	100 %	x						x	x	x	1
		FQB1.3.2. Realiza medicións prácticas de magnitudes físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades	CSIEE CMCCT	EMP CL, EOE	3	75 %				x				x	x	x
1	f	FQB1.4.1. Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.	CMCCT CCL	CL, EOE	3	75 %	x			x			x	x	x	1
		FQB1.4.2. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas	CMCCT	CL, EOE	3	75 %				x				x	x	x
1	e,f, h,i	FQB1.5.1. Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as	CAA CCL	CL, EOE	2	50 %		x				x	x	x	x	1

		conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	CM CC T													
		FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais	CAA CD CSC	CA, TIC	1	25 %							X	X	X	1
1	B,e,f g,h, i	FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	CAA, CD CCEC,CCL CMCCT CSIEE	CL, EOE,,TIC, EMP	2	50 %		X	X			X	X	X	X	1
		FQB1.6.2. Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	CAA, CSC CSIEE	EC, PV, EMP	1	25 %						X	X	X	X	1
2	b f	FQB2.1.1. Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias	CMCCT	CL, EOE	3	75 %	X						X			2
		FQB2.1.2. Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles	CMCCT	CL, EOE	2	50 %		X	X				X			2
		FQB2.1.3. Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	CMCCT	CL, EOE	4	100 %	X			X			X			2
2	b f	FQB2.2.1. Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.	CMCCT	CL, EOE	4	100 %	X						X			2
		FQB2.2.2. Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos	CMCCT	CL, EOE	3	75 %	X						X			2
		FQB2.2.3. Describe os cambios de estado da materia e aplícaa á interpretación de fenómenos cotiáns	CMCCT	CL, EOE	4	100 %	X						X			2
		FQB2.2.4. Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias	CMCCT	CL, EOE	3	75 %	X				X		X			2
2	f	FQB2.3.1. Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co modelo cinético-molecular.	CMCCT	CL, EOE	3	75 %	X						X			2
		FQB2.3.2. Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.	CMCCT, CAA	CL, EOE	4	100 %					X		X			2
2	f	FQB2.4.1. Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	CMCCT	CL, EOE	4	100 %	X						X			3

		FQB2.4.2. Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese	CMCCT	CL, EOE	4	100 %	x						X			3
		FQB2.4.3. Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro	CMCCT, CCL	CL, EOE	3	75 %	x			x	x		X			3
2	f	FQB2.5.1. Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso	CAA CMCCT CSIEE	EMP, CL, EOE	3	75 %	x			x	x		X			3

**2ª ESO 2ª AVALIACIÓN : UNIDADES 5, 6**

Blo que	Obxe ctivos.	Estándares	Competen. Clave	Element. transvers.	Relevancia.	Grao min consec.	Instrumentos avaliación						Temporalización			U da	
							Prob escrita	Trab. indiv .	Trab. grupo	Laboratorio	Caderno	Observación	1º Av	2ª Av	3ª Av		
3	f h	FQB3.1.1. Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias	CMCCT	CL, EOE	4	100 %	x							x		5	
		FQB3.1.2. Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e reconece que se trata de cambios químicos.	CMCCT, CCL	CL, EOE	2	50 %		x	x	x					x		5
		FQB3.1.3. Leva a cabo no laboratorio reaccións químicas sinxelas	CMCCT		2	50 %				x					x		5
3	f	FQB3.2.1. Identifica os reactivos e os produtos de reaccións químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción química.	CMCCT	CL, EOE	4	100 %	x							x		5	
3	f m	FQB3.3.1. Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.	CMCCT	CL, EOE	1	25 %		x	x		x			x		5	
		FQB3.3.2. Identifica e asocia produtos procedentes da industria química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas	CMCCT, CSC	EC	2	50 %		x	x						x		5
3	f m	FQB3.4.1. Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.	CMCCT CSC CSIEE	EC, EMP	2	50 %					x	x		x		5	

4	b f	FQB4.2.1. Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.	CAA CD CMCCT	TIC CL, EOE	1	25 %				x		x		x		6
		FQB4.2.2. Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	CMCCT	EV	4	100 %	x								x	
4	f	FQB4.3.1. Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	CMCCT	CL, EOE	3	75 %	x							x		6
		FQB4.3.2. Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	CMCCT	EV CL, EOE	4	100 %	x								x	

**2º ESO 3ª AVALIACIÓN UNIDADES : 7, 8, 9**

Bloque	Obxectivos.	Estándares	Competen. Clave	Element. transvers.	Relevancia.	Grao min consec.	Instrumentos avaliación						Temporalización			Unidad		
							Prob escrita	Trab. indiv.	Trab. grupo	Laboratorio	Caderno	Observación	1º Av	2º Av	3º Av			
4	f	FQB4.1.1. En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo	CMCCT	CL, EOE	3	75 %					x	x				x	7	
		FQB4.1.2. Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.	CMCCT	CL, EOE	3	75 %				x							x	7
		FQB4.1.3. Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	CMCCT	CL, EOE	2	50 %					x	x					x	7
		FQB4.1.4. Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.	CMCCT	CL, EOE	3	75 %				x	x						x	7

4	f	FQB4.4.1. Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.	CMCCT	CL, EOE	1	25 %	x								x	7	
4	f	FQB4.5.1. Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.	CMCCT	CL, EOE	3	75 %	x								x	7	
4	f	FQB4.6.1. Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.	CMCCT	CL, EOE	3	75 %						x			x	7	
		FQB4.6.2. Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.	CMCCT	CL, EOE	4	100 %	x								x	7	
		FQB4.6.3. Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos.	CMCCT	CL, EOE	1	25 %					x	x				x	7
4	f	FQB4.7.1. Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.	CMCCT	CL, EOE	2	50 %	x								x	7	
4	b, e f, g, h	FQB4.8.1. Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.	CCL, CD CSIEE CMCCT	CL, EOE, EMP,	1	25 %		x								x	7
5	f	FQB5.1.1. Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.	CMCCT	CL, EOE	3	75 %					x	x				x	8
		FQB5.1.2. Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.	CMCCT	CL, EOE	3	75 %	x										x
5	f	FQB5.2.1. Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.	CMCCT	CL, EOE	1	25 %					x					x	8

5	f, h	FQB5.3.1. Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.	CMCCT	CL, EOE	2	50 %	x								x	9	
		FQB5.3.2. Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin.	CMCCT	CL, EOE	4	100 %	x									x	9
		FQB5.3.3. Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoo en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.	CAA CMCCT CSC	EC	2	50 %	x									x	9
5	f,h	FQB5.4.1. Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.	CMCCT	CL, EOE	2	50 %	x								x	9	
		FQB5.4.2. Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.	CMCCT	CL, EOE	3	75 %	x									x	9
		FQB5.4.3. Interpreta cualitativamente fenómenos cotiás e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.	CMCCT	CL, EOE	2	50 %	x			x						x	9
5	f, h, m	FQB5.5.1. Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.	CMCCT CCL CSC	CL, EOE, EC	3	75 %	x	x	x						x	8	

LEND: CL = comprensión lectora; EOE = Expresión oral e escrita; TIC = tecnoloxía da información e da comunicación; EC = Educación cívica; EV = Educación viaria; EMP = emprendemento

## 8- Física e Química de 4º ESO

### 8.1- Concreción curricular

Física e Química. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. A actividade científica</b>				
2	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB2.13.1. Describe o comportamento dun elemento como illante, condutor ou semiconductor eléctrico, utilizando a teoría de bandas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	3	75%					x			x	3
		<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB2.13.2. Coñece e explica algunhas aplicacións dos semicondutores e supercondutores, e analiza a súa repercusión no avance tecnolóxico da sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	1	25%						x			x
2	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB2.14.1. Xustifica a influencia das forzas intermoleculares para explicar como varían as propiedades específicas de diversas substancias en función das devanditas interaccións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	2	50%					x			x	4
2	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB2.15.1. Compara a enerxía dos enlaces intramoleculares en relación coa enerxía correspondente ás forzas intermoleculares, xustificando o comportamento fisicoquímico das moléculas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	2	50%					x			x	3
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.1.1. Obtén ecuacións cinéticas reflectindo as unidades das magnitudes que interveñen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x		x		5



3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.2.1. Predí a influencia dos factores que modifican a velocidade dunha reacción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x		x			5
		<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.2.2. Explica o funcionamento dos catalizadores en relación con procesos industriais e a catálise encimática, analizando a súa repercusión no medio e na saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>	CL, EOE, CA	2	50%					x		x			
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.3.1. Deduce o proceso de control da velocidade dunha reacción química identificando a etapa limitante correspondente ao seu mecanismo dereacción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x		x			5

3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.4.1. Interpreta o valor do cociente de reacción comparándoo coa constante de equilibrio, prevendo a evolución dunha reacción para alcanzar o equilibrio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x			x		6
		<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.4.2. Comproba e interpreta experiencias de laboratorio onde se poñen de manifesto os factores que inflúen no desprazamento do equilibrio químico, en equilibrios homoxéneos e heteroxéneos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x			x		
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.5.1. Acha o valor das constantes de equilibrio, <math>K_c</math> e <math>K_p</math>, para un equilibrio en diferentes situacións de presión, volume ou concentración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x			x		6
		<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.5.2. Calcula as concentracións ou presións parciais das substancias presentes nun equilibrio químico empregando a lei de acción de masas, e deduce como evoluciona o equilibrio ao variar a cantidade de produto ou reactivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x			x		6

3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.6.1. Utiliza o grao de disociación aplicándoo ao cálculo de concentracions e constantes de equilibrio Kc e Kp.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x			x			6
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.7.1. Relaciona a solubilidade e o produto de solubilidade aplicando a lei de Guldberg e Waage en equilibrios heteroxéneos sólido-líquido, e aplica experimentalmente como método de separación e identificación de mesturas de sales disolvidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x			x			6
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.8.1. Aplica o principio de Le Chatelier para predicir a evolución dun sistema en equilibrio ao modificar a temperatura, a presión, o volume ou a concentración que o definen, utilizando como exemplo a obtención industrial do amoníaco.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x			x			6
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.9.1. Analiza os factores cinéticos e termodinámicos que inflúen nas velocidades de reacción e na evolución dos equilibrios para optimizar a obtención de compostos de interese industrial, como por exemplo o amoníaco.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	1	25%		x			x			x			6
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.10.1. Calcula a solubilidade dun sal interpretando como se modifica ao engadir un ión común, e verifica experimentalmente nalgúns casos concretos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x			x			6
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.11.1. Xustifica o comportamento ácido ou básico dun composto aplicando a teoría de Brönsted-Lowry dos pares de ácido-base conxugados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x			x			7
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.12.1. Identifica o carácter ácido, básico ou neutro, e a fortaleza ácido-base de distintas disolucións segundo o tipo de composto disolvido nelas, e determina teoricamente e experimentalmente o valor do pH destas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x			x			7
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.13.1. Describe o procedemento para realizar unha volumetría ácido-base dunha disolución de concentración descoñecida, realizando os cálculos necesarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x			x			7
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.14.1. Predí o comportamento ácido-base dun sal disolvido en auga aplicando o concepto de hidrólise, e escrib os procesos intermedios e os equilibrios que teñen lugar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x			x			7

3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.15.1. Determina a concentración dun ácido ou unha base valorándoa con outra de concentración coñecida, establecendo o punto de equivalencia da neutralización mediante o emprego de indicadores ácido-base (faino no laboratorio no caso de ácidos e bases fortes).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x			x	x			x		7
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.16.1. Recoñece a acción dalgunos produtos de uso cotián como consecuencia do seu comportamento químico ácido-base.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	1	25%					x			x		7
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.17.1. Define oxidación e redución en relación coa variación do número de oxidación dun átomo en substancias oxidantes e reductoras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x			x		8
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.18.1. Identifica reaccións de oxidación-redución empregando o método do ión-electrón para axustalas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x			x		8
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.19.1. Relaciona a espontaneidade dun proceso redox coa variación de enerxía de Gibbs, considerando o valor da forza electromotriz obtida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x			x		8
		<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.19.2. Deseña unha pila coñecendo os potenciais estándar de redución, utilizándoos para calcular o potencial xerado formulando as semirreaccións redox correspondentes, e constrúe unha pila Daniell.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x				x			x		8
		<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.19.3. Analiza un proceso de oxidación-redución coa xeración de corrente eléctrica representando unha célula galvánica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x			x	x			x		8
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.20.1. Describe o procedemento para realizar unha volumetría redox, realizando os cálculos estequiométricos correspondentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x			x	x			x		8
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.21.1. Aplica as leis de Faraday a un proceso electrolítico determinando a cantidade de materia depositada nun eléctrodo ou o tempo que tarda en facelo, e compróbo experimentalmente nalgún proceso dado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	4	100%	x			x	x			x		8
3	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB3.22.1. Representa os procesos que teñen lugar nunha pila de combustible, escribindo as semirreaccións redox e indicando as vantaxes e os inconvenientes do uso destas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>	CL,	4	100%	x				x			x		8

		pilas fronte ás convencionais.		EOE CA													
		▪ QUB3.22.2. Xustifica as vantaxes da anodización e a galvanoplastia na protección de obxectos metálicos.	▪ CMCCT	CL, EOE	1	25%					x				x		8

4	i	▪ QUB4.1.1. Relaciona a forma de hibridación do átomo de carbono co tipo de enlace en diferentes compostos representando graficamente moléculas orgánicas sinxelas.	▪ CMCCT	CL, EOE	4	100	x				x				x		9
4	i	▪ QUB4.2.1. Diferencia, nomea e formula hidrocarburos e compostos orgánicos que posúen varios grupos funcionais.	▪ CMCCT	CL, EOE	4	100	x				x				x		9
4	i	▪ QUB4.3.1. Distingue os tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular.	▪ CMCCT	CL, EOE	4	100	x				x				x		9
4	i	▪ QUB4.4.1. Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas (substitución, adición, eliminación, condensación e redox), predicindo os produtos, se é necesario.	▪ CMCCT	CL, EOE	4	100	x				x				x		9
4	i	▪ QUB4.5.1. Desenvolve a secuencia de reaccións necesarias para obter un composto orgánico determinado a partir de outro con distinto grupo funcional, aplicando a regra de Markovnikov ou de Saytzeff para a formación de distintos isómeros.	▪ CMCCT	CL, EOE	2	50					x				x		9
4	b i l	▪ QUB4.6.1. Relaciona os grupos funcionais e as estruturas principais con compostos sinxelos de interese biolóxico.	▪ CMCCT ▪ CSC	CL, EOE CA	1	25					x				x		10
4	i	▪ QUB4.7.1. Recoñece macromoléculas de orixe natural e sintética.	▪ CMCCT	CL, EOE	1	25					x				x		10

4	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB4.8.1. A partir dun monómero, deseña o polímero correspondente e explica o proceso que tivo lugar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	1	25					x			x		10
4	i	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB4.9.1. Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	CL, EOE	1	25					x			x		10
4	b	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB4.10.1. Identifica substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais, e valora a repercusión na calidade de vida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>	CL, EOE, CA	1	25					x			x		10
4	b	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB4.11.1. Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc.), en relación coas vantaxes e as desvantaxes do seu uso segundo as propiedades que o caracterizan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>	CL, EOE, CA	1	25					x			x		10
4	b	<ul style="list-style-type: none"> <li>QUB4.12.1. Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>	CL, EOE, CA	1	25					x			x		10

LENDIA: CL=compreensión lectora; EOE=Expreesión orale escrita; TIC=tecnoloxía da información e da comunicación; CA=comunicación audiovisual; EC=Educación cívica; EV= Educación viaria; EMP = emprendemento; PV = prevención da violencia

## 16- Procedimientos e instrumentos de avaliación no bacharelato

- **Avaliación inicial:**

Para coñecer o punto de partida, resulta de gran interese realizar unha sondaxe previa entre os alumnos. Este procedemento nos servirá para comprobar os coñecementos previos dos alumnos sobre o tema e poder establecer así estratexias de profundización; Ao alumno lle serve para tomar conciencia do seu grao de coñecemento de partida. Pode facerse mediante unha breve enquisa oral ou escrita, a través dunha ficha de Avaliación Inicial

- **Caderno do profesor:**

É unha ferramenta crucial no proceso de avaliación. Consta de fichas de seguimento personalizado, onde anotamos todos os elementos que se deben ter en conta: asistencia, rendemento en tarefas propostas, participación, conduta, resultados das probas e traballos, etc. O caderno completárase cunha observación sistemática e unha análise de tarefas:

- Participación nas actividades da aula, como debates, postas en común, etc., que son un momento privilexiado para a avaliación de actitudes. O uso da correcta expresión oral será obxecto permanente de avaliación en toda clase de actividades realizadas polo alumno.
- Traballo, interese, orde e solidariedade dentro do grupo.

- **Traballo realizado no laboratorio**

Valorarase a destreza e desenvolvemento na execución da práctica e na toma de datos. De cada práctica haberá que presentar un informe segundo un guión que lles dará o profesor. Valoráranse os razoamentos e cálculos desenvolvidos para emitir un resultado final.

Recollemos información tamén de forma puntual do caderno para valorar distintas actividades, así como a organización e limpeza do mesmo.

De non poder utilizar os laboratorios do centro, trataráanse de facer de xeito virtual.

- **Análise das producións dos alumnos (portafolio)**

- Monografías.
- Resumos.
- Traballos de aplicación e síntese.
- Textos escritos.

- **Intercambios orais cos alumnos**

- Diálogos.
- Debates.
- Postas en común.

- **Probas obxectivas**

Serán escritas, debido ao gran número de alumnado, excepcionalmente e de forma

puntual, para un grupo reducido de alumnos, oral.

- Traballos individuais ou en grupo

De calquera traballo proposto polo profesor será indispensable a súa entrega en tempo e forma, para superar a materia independentemente do que poida influir na nota.

## 17- Criterios xerais de corrección no Bacharelato

Nas probas e traballos se observarán os seguintes aspectos:

- A correcta utilización de conceptos, definicións e propiedades relacionados coa natureza da situación que se trata de resolver
- Xustificacións teóricas que se aporten para o desenvolvemento das respostas. A non xustificación, ausencia de explicacións ou explicacións incorrectas serán penalizadas ata un 50 % da cualificación máxima atribuída a pregunta ou epígrafe. Para algunhas preguntas ou cuestións será imprescindible a súa xustificación para cualificalas.
- Claridade e coherencia na exposición
- Precisión nos cálculos e nas notacións. Os erros de cálculo en razoamentos esencialmente correctos poden diminuír ata nun 40 % a valoración do apartado correspondente. Os erros graves nas probas, poden conlevar a non cualificación da pregunta ou apartado. Son fallos graves os erros de concepto e tamén erros matemáticos en desenvolvementos elementais.

Considerarase que unha cuestión ou problema está correctamente contestado cando, ademais de obter un resultado adecuado, se chegue a este a través de razoamentos axeitados, se expoñan estes de forma clara e intelixible, e se expresen os resultados coas unidades correctas.

É obvio que resultados aparentemente correctos, con razoamentos ilóxicos, non razoados, con erros graves no desenvolvemento matemático ou incluso con fallos graves nas unidades non serán válidos e polo tanto non se cualificarán.

- Deberán figurar as operacións non triviais, de modo que se poida reconstruír a argumentación lóxica e os cálculos do alumnado.
- A falta de limpeza nas probas pode penalizar ata un punto.
- Nun traballo terase en conta o desenvolvemento, a presentación, a expresión, as faltas de ortografía, o uso de conceptos técnicos e a orixinalidade.
- Nas probas orais, ademais de seguir o mesmo criterio que nas probas escritas no que se refire a erros, valorarase a claridade expositiva do alumnado.
- O/a alumn@ que copie terá como nota de exame un cero e levará a nota máis baixa na avaliación.

## 18- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado no Bacharelato

A cualificación será concebida como unha medida do grao de consecución dos obxectivos xerais formulados e obterase do procedemento de avaliación seguido.

Ao longo do curso se avaliarán todos os estándares a través dos instrumentos de avaliación indicados nas táboas. Cada estándar será avaliado alomenos a través dun instrumento de avaliación. Un instrumento de avaliación pode ser empregado para avaliar máis dun estándar de aprendizaxe.

Cada estándar ten unha relevancia diferente (nunha escala de 1 a 4) en función do seu carácter básico ou non básico. Os estándares básicos teñen unha relevancia de 3 ou 4; estes avalíaranse todos ao longo do curso e formarán parte das probas escritas, incluídas a final de xuño e a proba extraordinaria. Os estándares de menor relevancia (1 ou 2) avalíaranse segundo as disponibilidades temporais e/ou materiais (pois algúns deles avalíanse a través de probas de laboratorio ou dispositivos virtuais) e avalíaranse a través da observación (directa e do caderno do alumno), traballos escritos (individuais ou en grupo) e o traballo no laboratorio (ou simuladores virtuais).

A cualificación, tanto en cada avaliación como na final, farase en función dos instrumentos de avaliación utilizados. Éstes poderán ser os seguintes: proba escrita, traballo individual ou en grupo, caderno de alumno, caderno de profesor (no que se recolle a observación directa) e producións dos alumnos (incorporadas no portafolio do alumno, que inclúe, tamén, as prácticas ou resultados das simulacións virtuais).

No apartado de procedementos e instrumentos de avaliación podese ver o os criterios xerais seguidos para a corrección das probas e traballos escritos e orais. Así como calquera outro traballo.

A ponderación dos instrumentos de avaliación será a seguinte:

#### **Física 2º Bacharelato**

- Un 100% a valoración das probas escritas/ orais realizadas referentes os criterios de avaliación.

#### **Química 2º Bacharelato**

- Un 95% a valoración das probas escritas/ orais realizadas referentes os criterios de avaliación.
- Un 5% a valoración dos seus traballos específicos (informes monográficos, caderno-libreta de traballo, traballo de laboratorio...). Para que ter en conta esta porcentaxe o alumnado debe presentarse voluntariamente a correxir os exercicios na clase un mínimo de tres veces por avaliación e facelos correctamente.

E imprescindible ter un mínimo de 5 puntos na proba escrita ou oral para poder facer a media ponderada coas notas obtidas cos outros instrumentos de avaliación.

No que respecta á realización de traballos propostos polo profesor será indispensable a súa entrega en tempo e forma, para superar a materia, independentemente do que poida influir na nota.



**Física de 2º Bacharelato:**

O alumnado terá que facer, polo menos, dúas probas escritas por avaliación (excepto na terceira avaliación, que por falta de tempo podería facerse soamente unha).

O segundo exame de cada trimestre, terá contidos de toda a avaliación, o alumnado deberá acadar polo menos un 3,5 sobre 10 tanto nos contidos novos como nos traballados na proba anterior para que esta nota poda facer media coa primeira. Se non se cumpre esta condición, a avaliación quedará suspensa.

A media das dúas probas escritas de cada avaliación calcularáse do seguinte xeito:

- Primeiro exame: 30%
- Segundo exame: 70%

Sempre e cando ambas dúas notas cheguen ao 3,5 sobre 10. De non darse esta condición, a avaliación quedará suspensa.

Despois de cada unha das avaliacións primeira e segunda, realizarase unha proba de recuperación para o alumnado que non acadara un 5 na avaliación. Considérase que, os alumnos que aproben este exame, superarán a materia correspondente a ese trimestre cunha nota que será:

- Para o alumnado que obteña unha nota entre 5 e 6 a nota da avaliación será de 5.
- Para o alumnado que obteña unha nota superior a 6, faráselle unha media ponderada do seguinte xeito:
  - 80 % da nota obtida na proba de recuperación
  - 20 % da nota que obtiveron na avaliación

O alumnado aprobado na avaliación e que desexe subir a súa nota, pode presentarse ao exame de recuperación. A nota final do trimestre será a media aritmética entre a nota inicial da avaliación e o exame de recuperación.

De cara a avaliación final da materia, unha avaliación suspensa poderá ser compensable se ten unha nota de 4, na avaliación trimestral ou na recuperación. Deste xeito, poderanse dar as seguintes combinacións:

- As tres avaliacións aprobadas ou dúas aprobadas e unha compensable: a materia está superada cunha nota que é a media aritmética delas.
- Dúas avaliacións aprobadas e a outra suspensa cunha nota inferior a 4: o alumnado terá a posibilidade de elixir entre as seguintes opcións para poder superar a materia:
  - Facer un exame final de todos os contidos do curso. Para aprobar a materia ten que acadar unha nota mínima de 5 puntos. A nota final da materia sera o 100% a nota do exame.
  - Facer un exame de recuperación soamente da avaliación suspensa. Para aprobar a materia ten que acadar unha nota mínima de 4 puntos. Para calcular a nota final desa avaliación seguiráse o mesmo criterio que nas recuperacións dos outros trimestres. Logo, para calcular a nota global do curso, esta nota fará media aritmética cos outros dous trimestres.
- Unha ou ningunha avaliación aprobada: hai que facer un exame de recuperación ao final de curso de toda a materia.

Hai que aclarar que por falta de tempo non é posible facer a recuperación da terceira avaliación, polo que a situación do alumnado terásese en conta coa nota trimestral, tendo despois a posibilidade de facer a recuperación correspondente atendendo aos criterios citados anteriormente.

O alumnado que teña o curso aprobado e desexe subir nota, poderá facer o exame de recuperación de toda a materia. A súa nota será o 75% do exame e o 25% a nota media que acadou no curso.

De non acadar un 5 na avaliación ordinaria, o alumnado terá que ser avaliado en convocatoria extraordinaria mediante unha proba escrita. A cualificación final será o 100% da nota do exame. A nota da proba redondearase á súa parte enteira, calquera que sexa a parte decimal.

### **Química de 2º Bacharelato:**

O alumnado terá que facer, polo menos, dúas probas escritas por avaliación (excepto na terceira avaliación, que por falta de tempo podería facerse soamente unha).

O segundo exame de cada trimestre, terá contidos de toda a avaliación, o alumnado deberá acadar polo menos un 3,5 sobre 10 tanto nos contidos novos como nos traballados na proba anterior para que esta nota poda facer media coa primeira. Se non se cumpre esta condición, a avaliación quedará suspensa.

A media das dúas probas escritas de cada avaliación calcularáse do seguinte xeito:

- Primeiro exame: 30%
- Segundo exame: 70%

Sempre e cando ambas dúas notas cheguen ao 3,5 sobre 10. De non darse esta condición, a avaliación quedará suspensa.

Despois de cada unha das avaliacións primeira e segunda, realizarase unha proba de recuperación para o alumnado que non acadara un 5 na avaliación. Considérase que, os alumnos que aproben este exame, superarán a materia correspondente a ese trimestre cunha nota que será:

- Para o alumnado que obteña unha nota entre 5 e 6 a nota da avaliación será de 5.
- Para o alumnado que obteña unha nota superior a 6, faráselle unha media ponderada do seguinte xeito:
  - 80 % da nota obtida na proba de recuperación
  - 20 % da nota que obtiveron na avaliación

O alumnado aprobado na avaliación e que desexe subir a súa nota, pode presentarse ao exame de recuperación. A nota final do trimestre será a media aritmética entre a nota inicial da avaliación e o exame de recuperación.

De cara a avaliación final da materia, unha avaliación suspensa poderá ser compensable se ten unha nota de 4, na avaliación trimestral ou na recuperación. Deste xeito, poderanse dar as seguintes combinacións:

- As tres avaliacións aprobadas ou dúas aprobadas e unha compensable: a materia está superada cunha nota que é a media aritmética delas.

- Dúas avaliacións aprobadas e a outra suspensa cunha nota inferior a 4: o alumnado terá a posibilidade de elixir entre as seguintes opcións para poder superar a materia:
  - Facer un exame final de todos os contidos do curso. Para aprobar a materia ten que acadar unha nota mínima de 5 puntos. A nota final da materia sera o 100% a nota do exame.
  - Facer un exame de recuperación soamente da avaliación suspensa. Para aprobar a materia ten que acadar unha nota mínima de 4 puntos. Para calcular a nota final desa avaliación seguiráse o mesmo criterio que nas recuperacións dos outros trimestres. Logo, para calcular a nota global do curso, esta nota fará media aritmética cos outros dous trimestres.
- Unha ou ningunha avaliación aprobada: hai que facer un exame de recuperación ao final de curso de toda a materia.

Hai que aclarar que por falta de tempo non é posible facer a recuperación da terceira avaliación, polo que a situación do alumnado terásese en conta coa nota trimestral, tendo despois a posibilidade de facer a recuperación correspondente atendendo aos criterios citados anteriormente.

O alumnado que teña o curso aprobado e desexe subir nota, poderá facer o exame de recuperación de toda a materia. A súa nota será o 75% do exame e o 25% a nota media que acadou no curso.

De non acadar un 5 na avaliación ordinaria, o alumnado terá que ser avaliado en convocatoria extraordinaria mediante unha proba escrita. A cualificación final será o 100% da nota do exame. A nota da proba redondearase á súa parte enteira, calquera que sexa a parte decimal.

## 19- Avaliación inicial

A avaliación inicial realízase cando se emprende un novo percorrido educativo e permite determinar os coñecementos previos de cada alumno ou alumna en cada nova situación de aprendizaxe, así como o grao alcanzado no desenvolvemento das competencias. Esta información orientará ó profesorado para decidir o enfoque didáctico e a profundidade co que debe desenvolver os novos contidos, e permitirá detectar as alteracións e disfuncións que podan interferir no proceso educativo e que necesitan dunha atención especial.

A información anterior obtense a partir das seguintes ferramentas:

- Realización dun cuestionario de preguntas curtas ou tipo test relacionadas con contidos previos e fenómenos da vida cotiá ou exercicios matemáticos dos conceptos necesarios para a resolución dos problemas da materia de física e química correspondiente.
- Observación, polo profesorado, de aspectos como:
  - Interese e motivación do alumnado
  - Autonomía persoal e interacción cos compañeiros e compañeiras
- Participación activa no desenvolvemento das clases
- Hábitos de traballo en clase e fóra de clase
- Dificultades de comprensión e de expresión

Os resultados desta avaliación inicial poráñse en común con todo o equipo docente de cada curso e a xefatura de estudos, polo que o titor recollerá toda a información relevante referente a cada alumno/a e poderá informar ás familias.

No caso de que os resultados mostren carencias relevantes para o seguimento do curso, tomaráñse as medidas pertinentes, tanto a nivel de aula por parte do profesorado (ubicación na aula, actividades de reforzo, etc.), como a nivel de centro mediante a colaboración do departamento de orientación e a xefatura de estudos (reforzos académicos, adaptacións curriculares, etc).

Por outra banda, a avaliación inicial tamén serve para informar sobre as necesidades educativas do alumnado, detectando as medidas de atención á diversidade que deben poñerse en práctica en cada caso.

## 20- Alumnado con necesidades educativas especiais

A atención a diversidade na aula supón a adopción dun conxunto de medidas encamiñadas a ofrecer unha resposta educativa adaptada as características e necesidades dun alumnado concreto.

Entendemos por necesidades educativas especiais aquelas asociadas a historia persoal e escolar, debidas tanto a superdotación intelectual como a calquera discapacidade (intelectual, motora...) ou a situacións sociais ou culturais desfavorecidas que supoñan diferencias significativas no acceso ordinario ó currículo e que, polo tanto, requiren de medidas de apoio. Estas medidas se estableceranse en colaboración directa co departamento de orientación.

As medidas de reforzo educativo que se contemplan para cada curso teñen como fin asegurar os aprendizaxes básicos da materia que permitan os alumnos con dificultades seguir con aproveitamento a materia ao longo da etapa e acadar os obxetivos da mesma.

Contemplanse ademáis as seguintes medidas :

- Adaptacións curriculares significativas para os alumnos con necesidades educativas especiais. Farase a partir do dictamen emitido polo departamento de orientación. Para estes alumnos o profesorado do grupo no que está integrado este alumno, xunto co departamento de orientación, elaborará unha. Adaptación personalizada na que consten os obxetivos e contidos mínimos que o alumno deberá acadar ó longo do curso escolar e os recursos e instrumentos de avaliación que se van a utilizar no proceso de aprendizaxe.  
Para avaliar a estes alumnos, atenderase ó explicitado no seu ACI, e na súa calificación final participará o profesorado de apoio que os atende un o máis períodos á semana para facilitar o seu aprendizaxe e integración.
- Medidas de reforzo e apoio ante dificultades de aprendizaxe concretas. Trátase de medidas que, aunque non modifican os contidos curriculares da programación, son esenciais para acadar os contidos mínimos. Consisten en actividades concretas adecuadas para conseguir a superación das dificultades, pero que tratarán de evitar que se convirtan nunha carga que desmotive ó alumnado. Estas medidas serán básicamente actividades en red suxeridas polo profesor e exercicios de reforzo individuais
- Ampliación curricular para alumnado con altas capacidades: propoñdranse tarefas onde que profundizen mais nos contidos

- No caso de alumnado inmigrante que descoñeza a nosa lingua, a Consellería de Educación establecerá plans de acollida e de acción tutorial, así como a dotación de profesorado de apoio, para o reforzo educativo. Tamén se contempla a elaboración de adaptacións curriculares e a creación de grupos para o aprendizaxe da lingua
- Adaptacións de acceso para alumnos con discapacidades físicas e motoras. As adaptacións faranse a partir do dictamen emitido polo Departamento de Orientación e en colaboración con este: seleccionaranse e adoptaranse instrumentos que faciliten o proceso de aprendizaxe como recursos espaciais (accesos, pupitres, movementos...), recursos materiais (ordenador portátil, recursos dixitais, web...), recursos persoais (personal auxiliar..), recursos de comunicación (correos electrónicos, web, blog, moddle...).

A nivel de centro, este curso non se puideron facer os agrupamentos de Física e Química en 2º ESO por falta de horas para o profesorado. Fixéronse catro grupos en 2º e 3º ESO para tratar que o número de alumnos/as por clase sexa menor e favorecer a atención máis individualizada. Despois da avaliación inicial, seleccionárase o alumnado de 2º ESO que acudirá a clases de apoio co profesor de PT.

## **21- Plan de traballo para a superación de materias pendentes na ESO e no Bacharelato**

O alumnado con Física e Química pendente de cursos anteriores será atendido polos profesores:

- Begoña Baltar: para o alumnado de 3º ESO coa materia pendente de 2º ESO.
- David Hernández: para o alumnado de 4º ESO coa materia pendente de 3º ESO.

Non hai alumnado coa materia de 1º Bacharelato pendente.

Crearase na Aula Virtual de Centro un curso onde quedará matriculado todo o alumnado con algunha materia pendente do departamento.

Para este alumnado se lles recomendará uns exercicios que abranguen o que teñen que estudar para os exames. Poderán preguntar as dúbidas nos recreos.

A materia estará dividida en dous exames parciais. Se facendo a media de ambos chegan a 5 puntos, a materia estará aprobada. En caso contrario, terán outra oportunidade nun exame final de toda a materia.

De non aprobar de ningún dos dous xeitos, o alumnado de bacharelato poderá presentarse na convocatoria extraordinaria.

En todas as convocatorias, a nota final será o 100% da nota do exame. Esta nota redondearase á súa parte enteira, calquera que sexa a parte decimal.

O/a alumno/a que copie terá como nota de exame un cero e levará a nota máis baixa na avaliación.

Os criterios xerais de corrección e puntuación son os establecidos no Departamento para este curso e reflectidos na programación da ESO e do Bacharelato respetivamente.

Os exames de recuperación das materias pendentes terán a mesma estrutura e puntuación que as recuperacións por avaliación realizadas durante o curso, e, polo tanto, axustaránse aos contidos mínimos establecidos nos cadros dos estándares de aprendizaxe.

## **22- Programas específicos para o alumnado repetidor na ESO**

Ó principio de cada curso, o profesorado coñecerá a situación académica e o nivel de aprendizaxe do alumnado repetidor a partir da avaliación inicial e dos informes do curso anterior (adquisición de competencias, nivel de coñecementos, intereses, actitude, absentismo etc).

A análise de toda esta información terase en conta á hora de propoñer accións individualizadas para corrixir as deficiencias observadas ou para, partindo do xa obtido, alcanzar o maior progreso posible.

Para o alumnado coa materia do curso anterior suspensa adoptaranse medidas como as seguintes:

- Atención especial sobre a súa participación, asistencia e traballo.
- Proposta de actividades de reforzo adecuadas a cada fase de aprendizaxe.
- Comunicación constante co titor ou titora e, a través del ou dela, coa familia, para que todos/as podan cooperar no progreso do alumnado

Para o alumnado coa materia aprobada o curso anterior adoptaranse medidas como as seguintes:

- Proposta de actividades que manteñan o seu interese e afiancen os seus coñecementos previos.
- Proposta de actividades de ampliación que favorezan a adquisición de competencias e a preparación para cursos posteriores.
- Participación do alumnado en tarefas cooperativas nas que os seus coñecementos previos podan incidir positivamente no aprendizaxe do seus compañeiros e compañeiras.

## **23- Actividades complementarias e extraescolares**

As actividades complementarias e extraescolares a desenvolver ó longo do curso son difíciles de programar con precisión debido a súa dependencia de factores alleos, moitas veces imprevisibles (dispoñibilidade de datas, dotación económica, oferta das institucións etc). Tendo en conta estas limitacións, procurarase buscar actividades que poidan ser interesantes para o alumnado. Tendo en conta algunhas realizadas anos anteriores poderían ser a visita á EDAR do Lagares, a centros educativos (Universidade, centros de Ciclos Profesionais, ...), empresas, centros tecnolóxicos, exposicións temporais, museos, ...

Tamén procuraremos contar de novo coa visita do profesor do Departamento de Física Aplicada da Universidade de Vigo, Benito, para impartir alguna charla de Física Re-creativa ao alumnado de Física de 2º Bacharelato.

## 24- Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe, a práctica docente e a programación didáctica

É evidente que son múltiples os factores que inciden na práctica educativa e en consecuencia que están implicados na súa mellora. Todos eles son importantes. A selección dos contidos, o tratamento integrado dos mesmos, a organización espacial e temporal, os materiais e recursos didácticos, a vinculación ou a proximidade entre as tarefas e os intereses do alumnado, a función social das tarefas, a diversidade do alumnado, os ritmos e modos de aprender, a organización do profesorado para dar resposta a todos estes aspectos, o traballo en equipo, as altas expectativas ou o fomento do desexo de aprender.

Distribuimos os ámbitos de reflexión sobre a práctica docente en varios apartados. Para cada aspecto analizado establécese unha escala de 1 a 4 que indica un menor ou maior grao de cumprimento, respectivamente. Parece unha clasificación coherente que vai facilitar o noso traballo:

- Tratamento da diversidade
- Avaliación
- Actividades de aula
- Programación

DIVERSIDADE		1	2	3	4
1	<b>Para coñecer a composición da clase:</b>				
	Paso unha proba ao comezo de curso				
	Leo os informes anteriores				
	Vexo os resultados das avaliacións finais				
	Facílítama o orientador				
2	<b>Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear grupos, etc</b>				
3	<b>A programación ten en conta a diversidade.</b>				
4	<b>Ofrécense a cada alumno/a a explicacións individualizadas que precisa.</b>				
5	<b>Plantexo exercicios de diferente nivel en cada unidade</b>				
6	<b>Teño en conta aos alumnos/as que se alonxan da media dos resultados</b>				
7	<b>Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEE.</b>				
8	<b>Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEE.</b>				

AVALIACIÓN		1	2	3	4
1	<b>Antes de comezar unha unidade explico como a avaliarei</b>				
	<b>Dáse un peso real á observación do traballo na aula.</b>				
	<b>Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.</b>				
	<b>Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEE.</b>				
2	<b>Utilizo diferentes tipos de instrumentos</b>				
	Exames escritos				
	Observación directa/produccións dos alumnos				

	Traballos individuais				
	Traballos en equipo				
	Caderno de aula				
3	Unha vez rematada a unidade avalíase a idoneidade dos recursos e actividades empregados.				
4	Entre avaliacións prográmanse un plan de recuperación				
5	Na avaliación téñase en conta as diferentes competencias básicas				
6	A avaliación axústase ao programado				
7	Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

ACTIVIDADES NA AULA		1	2	3	4
1	Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2	Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
3	Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
4	Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos.				
5	Conseguíuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
6	Conseguíuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
7	Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.				
8	Combínase o traballo individual e en equipo.				
9	Os alumnos traballan da seguinte maneira nas miñas clases				
	De forma individual				
	Por parellas				
	En grupos reducidos				
	En grupos grandes				
10	Os exercicios que propoño son:				
	Pechados, dirixidos, do libro				
	Abertos, diversos, proxectos				
	Facilitan o traballo cooperativo				
11	Na metodoloxía que aplico:				
	Utilizo ferramentas TIC				
	Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma				

En canto á avaliación da programación, nas reunións de departamento farase un seguimento do desenvolvemento das distintas unidades.

Para ser realmente conscientes do desenvolvemento que estamos a facer da programación elaboramos unha táboa con unha serie de aspectos que nos fan reflexionar e nos permitirán darnos de conta se hai algo que non funciona e necesita un cambio.

Para cada aspecto analizado establécese unha escala de 1 a 4 que indica un menor ou maior grao de cumprimento, respectivamente, isto nos pareceu unha clasificación coherente que vai facilitar o noso traballo.



O fin de cada avaliación, cubriremola táboa, segundo os resultados, valoraremos o grado de consecución dos obxectivos, analizaremos as dificultades atopadas, e trataremos de corrixir aquelas que poidamos por exemplo, cambiando a metodoloxía ou revisando a temporalización. Desta forma pretendemos que a programación este sometida sempre a unha continua revisión. Rexistraremos todos os cambios que se decidan, así como os resultados que produzan no libro de actas do departamento. Na memoria final de curso se dará conta do todo isto e se farán recomendacións para a programación do seguinte curso.

PROGRAMACIÓN		1	2	3	4
1	Consulta a programación a longo do curso e, en caso necesario, realízase e anótanse as modificacións.				
2	Recollo de xeito específico na miña programación aquelas competencias que son básicas e fundamentais.				
3	Ao comezo de cada nova unidade proporciónase aos alumnos e alumnas toda a información que precisan.				
4	Realízase os axustes necesarios para atender as características de todo o alumnado.				
5	Establecése o/os instrumento de avaliación para cada aspecto da programación.				
6	Establecése unha temporalización para cada unidade.				
7	A programación recolle os elementos preceptivos e os relaciona (obxectivos, criterios, estándares, instrumentos e competencias)				
	Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
	Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
	O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
	Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
	Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
	Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
	Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
	Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
	Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				
	Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
	Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
	Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
	Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
	Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
	Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
	Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
	Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para bach.].				
	Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato].				
	Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato].				
	Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
	Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
	Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
	Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
	Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
	Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				

---

Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				